

Calendario escolar 2007/2008

Antecedentes

Que ocorreu desde que a Consellaría deu a coñecer o borrador do calendario escolar para o curso 2007/2008, ata a convocatoria da folga do 3 de maio?

Negociacións

O venres 27 de abril a Consellaría chama a todas as organizacións sindicais co fin de negociar un acordo que permitira desconvocar a folga do día 3. Aquí explicamos como se desenvolveu todo o proceso negociador.

Que nos levou a desconvocar a folga?

As razóns polas que o STEG desconvocou a folga. A prioridade da convocatoria tal e como dicía o lema "En defensa da xornada matinal en xuño e setembro" estaba conseguido para o 100% dos centros que o solicitasen. Ese era o momento de negociar, pois a administración tiña moito interese en desconvocar a folga. Unha vez pasada, o dano estaría feito e a administración non cedería tanto nas súas pretensións iniciais.

Que garante o acordo?

1.- Xornada continuada no 100% dos centros que o soliciten.

2.- Negociacións durante este curso para unha redución horaria no corpo de mestres.

3.- Negociación, tamén antes do remate do curso dunha mellora nos catálogos.

4.- Negociacións para facilitar os requisitos necesarios para solicitar a xornada continuada.

Portas que abre o acordo...

Aparte dos puntos que claramente garante o acordo, pensamos que pode abrir portas para acadar reivindicacións históricas do STEG tales como a equiparación das condicións laborais co profesorado de secundaria, a xeneralización da xornada continuada, o final da ditadura do transporte escolar...

Sindicalismo responsábel

O STEG seguirá a traballar coa mesma ilusión pensando no profesorado galego e non en cuantificar a rendibilidade dunha ou outra acción, sempre obraremos coa consciencia de facer o mellor para o Ensino Público Galego tendo en conta que só rendemos contas ao profesorado deste País e non a outros intereses.

Novo horario ESO

Segundo o borrador definitivo do currículo da ESO publicado pola Consellaría de Educación

Oposicións de ensino

Ante todo este cúmulo de despropósitos acaecidos o ano pasado, desde o STEG esiximos da Consellaría que, tal e como nos prometeu de cara á presente convocatoria, garanta que as presidentas e presidentes elixidos por ela cumpran escrupulosamente a convocatoria, lembrándolles que se trata dun concurso-oposición onde o que teñen que facer é simplemente cualificar unhas probas esquecéndose da parte de concurso que se debe resolver noutra instancia.

Conclusións da xornada "Xenero e Educación para a cidadanía"

Na Xornada "Educación para a Cidadanía e Xénero", organizada polo STEG o 12 de maio en Compostela, detectamos os seguintes problemas á hora de desenvolver esta materia

VI congreso do STEG

Os días 9 e 10 de xuño celebraremos en Compostela o VI congreso nacional do STEG baixo o lema: un impulso novo.

Durante eses dous días daremos conta do feito nestes catro anos e traballaremos arreo para marcar os obxectivos e liñas de traballo para os vindeiros catro.

Queremos que este VI congreso sirva como impulso novo para o STEG e precisamente por isto non podemos deixar de revisar a situación política, a educación no momento presente e futuro e o papel que o noso sindicato ten e debe ter nunha sociedade como a nosa.

Comisións de servizo por motivos de saúde

Está claro que as comisións de servizo por motivos de saúde necesitan unha regulamentación o mais clara e obxectiva posible, de todos os xeitos esta nova orde lonxe de mellorar a xa publicada no 2004 empeora en moitos aspectos. Poder solicitala por enfermidade dun familiar en 2º grao; restrinxir a duración a tres cursos; que os casos sobrevidos fora de prazo sexan resoltos directamente pola Secretaría Xeral; poden ser algúns deles.



Antecedentes

1. O 21 de marzo a Consellaría, de forma anticipada e non prevista, presenta na Mesa Sectorial de Educación unha proposta de calendario escolar para o curso 2007-08, que suprime a xornada reducida en horario matinal e amplía o servizo de comedor aos meses de xuño e setembro.
2. O 27 de marzo, nunha nova Mesa Sectorial, a Consellaría confirma a súa proposta de homoxeneizar a xornada durante todo o curso, concedendo unicamente retrasar o inicio de curso en 2 días.

A xornada matinal está garantida para o 100% dos centros que a soliciten.

3. Todos os sindicatos anunciamos mobilizacións se se mantiña esa proposta de calendario.
4. Todas as organizacións sindicais asinan un documento en contra da proposta da consellaría que non se lle comunica ao STEG para sumarse a esa proposta.
5. O 16 de abril publícase en DOG a orde de Calendario, eliminando efectivamente a xornada reducida matinal nos meses de setembro e xuño e ampliando o servizo de comedor a eses meses.
6. O STEG agarda a convocatoria dos sindicatos para iniciar as mobilizacións conxuntas. Ante a tardanza dos contactos entre os sindicatos o Secretariado Nacional do STEG decide telefonar ás OOSS para demandar a necesidade dunha xuntanza unitaria tal e como estaba a existir o profesorado galego.
7. Ao día seguinte destes contactos recibimos unha convocatoria da CIG.
8. Acudimos á reunión co obxectivo de procurar a unidade de acción. A esa reunión só acude o STEG. Propoñemos voltar a convocar ás demais OOSS dous días despois para evitar a ruptura sindical.
9. Por outra banda os demais sindicatos (sen convocar ao STEG) convocan unha Rolda de Prensa á que acudimos co obxectivo de conseguir que asistan á reunión convocada polo STEG e a CIG.

Se hai problemas de transporte o noso deber será reclamar que se solucionen. De todos os xeitos a responsabilidade é da Consellaría. De antemán non podemos supoñer que vai incumprir un acordo.

10. Ante a negativa rotunda da maioría destas OOSS o STEG decide apoiar todo tipo de mobilizacións que se fagan co mesmo obxectivo.
11. Na reunión coa CIG convivimos en convocar folga para o día 3 de maio e manifestación na praza do Toural de Compostela.
12. Aceptamos o lema da folga que tiña como obxectivo recuperar a xornada matinal de Xuño e Setembro tal e como dicía o lema: "POLO MANTEMENTO

DA XORNADA MATINAL DE XUÑO E SETEMBRO". O STEG, que denunciaba e seguirá a denunciar a carga horaria do alumnado galego, era consciente da dificultade da redución horaria cando TODAS as organizacións sindicais xa renunciaran, tal e como se recolle nalgúns boletíns informativos (véxanse) e recoñeceron na Mesa Sectorial.

13. Asistimos á reunión dos demais sindicatos e solicitamos que se sumasen á folga que tiñamos convocada para o día 3 de maio. Non aceptaron máis conseguimos que se convocara para o mesmo día xunto con outras accións para outros días.
14. Puxemos como condición que desde a Plataforma

non se asinase ningún escrito contra ningunha organización. Todo o que asináramos sería só en defensa do obxectivo da folga.

15. Asistimos ás tres reunións cos grupos parlamentares no Parlamento de Galiza. Só o grupo do PP accedeu ás demandas e comprometeuse a presentar unha Proposición non de Lei para recuperar o anterior calendario. Os demais grupos daban por feita a aprobación do novo calendario e non vían posibilidade de marcha atrás. A última reunión foi a tarde do venres 27 de Abril horas antes da convocatoria da Administración a todos os sindicatos.

O STEG nin asina as primeiras de cambio nin se nega a negociar. Entendemos que é a nosa responsabilidade.

Negociacións

O venres 27 de abril, a Consellaría, ante o importante consenso que se producira en contra da orde e consciente do malestar creado entre o profesorado e moitas ANPAS, decide "dar marcha atrás" no seu propósito (lembremos que poucos días antes, a propia Conselleira saía na prensa dicindo que a xornada de tarde nos meses de xuño e setembro era inamovible dado que xa estaba publicada no DOG) e convoca a todas as organizacións sindicais a unha xuntanza co fin de negociar a posible desconvocatoria da folga prevista para o 3 de maio.

O sábado 28, prodúcese dita xuntanza. Ante a pregunta do STEG pola ausencia dunha organización sindical, o Secretario Xeral resposta que tiñan recibido unha solicitude de entrevista coa Conselleira asinada polos sindicatos alí presentes, e outra solicitada individualmente pola CIG (o STEG, aínda que convocaba folga conxuntamente coa CIG, non era coñecedor desta última solicitude).

A 1ª proposta da Consellaría é asinar un acordo nos seguintes termos:

- Estudo centro por centro da concesión da xornada matinal en xuño e setembro.
- Negociación duns novos catálogos no próximo curso
- Negociación da redución do horario do profesorado

Introducidas algunhas modificacións aceptadas pola Consellaría, varios sindicatos aceptan asinar un preacordo. Neses termos, o STEG mostra a súa negativa.

Logo dun receso, as negociacións continúan ata chegar a un documento de PREACORDO nos seguintes termos:

- Concesión da xornada matinal, con carácter xeral,

nos centros que o soliciten, previo acordo por maioría simple no Consello Escolar.

- Negociación duns novos catálogos.
- Negociación da redución do horario do profesorado durante este curso para que sexa de aplicación no vindeiro curso.
- Negociación no 1º trimestre do curso 2007-2008 para flexibilizar/facilitar os requisitos que permiten aos centros establecer a xornada continuada de carácter permanente.

ACTUACIÓNS DO STEG.

Este principio de acordo leva ao STEG a iniciar unha consulta urxente á afiliación e informal da marcha das negociacións. Ese mesmo luns 30 pola mañá e en rolda de prensa anunciamos que a nosa vontade era chegar a un acordo sobre a xornada matinal de xuño e setembro, aínda que só ratificaríamos o acordo se a xornada matinal fose garantida para o 100% dos centros.

Durante esa mañá tivemos conversas co Secretario Xeral da Consellaría para forzar unha reunión esa mesma tarde á que tiveran oportunidade de asistir todos os sindicatos, noutro intento por conseguir a unidade sindical.

ACORDO.

Iniciase a reunión ás 17:30 con todos os representantes sindicais excepto CIG (o STEG pregunta pola súa ausencia), desde a administración informan que os convocaron pero que declinaron asistir. O STEG solicita revisar o preacordo no sentido de garantir a xornada

matinal no 100% dos centros que o soliciten e condiciona a súa aceptación do acordo á modificación deste punto.

Despois de horas de reunión e varias pausas e consultas de todas as partes, a Consellaría atende a nosa condición. As demais forzas sindicais coinciden no mesmo e a Administración entende que iso significa un importante paso, que era a principal esixencia da CIG, polo que, antes de asinar, propón comunicarllo a este sindicato e convidalo de novo a sumarse ao acordo. O STEG considera absolutamente necesario este xesto. A CIG é informada pola propia Administración das novidades, declinando acudir á sinatura do acordo.

O momento de conseguir acordos era antes da folga. Unha vez sufrido o dano, a Consellaría tería menos motivos para ceder nas súas pretensións.

Logo de asinar este acordo o STEG decide desconvocar a folga do día 3 de maio.

Que nos levou a desconvocar a folga?

Desde o STEG consideramos que a reivindicación principal da convocatoria de folga "En defensa da

xornada continuada matinal en xuño e setembro”, estaba conseguida coa modificación do punto quinto do preacordo, unha vez xeneralizada a xornada continuada en xuño e setembro para o 100% dos centros que o soliciten.

A redución da xornada lectiva do alumnado, será unha das nosas prioridades na negociación do próximo calendario escolar.

O momento de negociar para acadar melloras era antes da folga. O principal interese da administración era evitala. Temos o convencemento de que, unha vez pasada a folga, a administración non cedería tanto nas súas pretensións iniciais.

A maiores, conseguimos abrir uns procesos de negociación que poden mellorar substancialmente as condicións laborais do profesorado, reivindicacións históricas como a redución do horario lectivo e de permanencia no centro para o profesorado de primaria, o que nos levará á non coincidencia do horario lectivo do profesorado e do alumnado, tal como ocorre en secundaria.

Por todo o exposto, e despois de recibir moitas opinións da afiliación, o STEG valorou que non había motivo suficiente para manter a folga, unha vez conseguido que a Consellaría recúase e garantise a xornada matinal, ademais de avanzar na modificación da lexislación sobre xornada única, redución das horas de traballo e ampliación dos catálogos.

Non acadamos todos os obxectivos, quedounos no camiño a redución da xornada lectiva anual do alumnado. Este punto era innegociable a día de hoxe. Será un dos nosos obxectivos na negociación do próximo calendario escolar.

Que garante o acordo?

Coa sinatura deste acordo garantimos catro aspectos que entendemos son fundamentais:

- 1.- Todos os centros que o soliciten, previo acordo do consello escolar, terán xornada continuada nos meses de setembro e xuño tal e como se recolle no punto quinto do acordo: “... garántese a máxima flexibilidade na organización do centro para implantar a xornada intensiva en todos os centros”. A “máxima flexibilidade” supón que aqueles centros que poidesen ter problemas co transporte poderán reducir o seu horario para posibilitar a xornada única, non á posibilidade de que algún centro poida quedar sen a opción da xornada continuada.
- 2.- Apertura de negociacións, xa neste curso, para acadar unha redución horaria do profesorado do corpo de mestres que xa será de aplicación no próximo curso
- 3.- Negociación, tamén antes do remate deste curso dunha mellora dos catálogos dos centros de E. Infantil, Primaria, CEIPs e CPIs.
- 4.- A apertura de negociacións, no primeiro trimestre do vindeiro curso, para unha flexibilización dos requisitos necesarios para a concesión da xornada única.

De non cumprirse todos estes puntos que entendemos están claramente recollidos no acordo sería responsabilidade da Administración incumplir un acordo asinado polas dúas partes, o que levaría ao STEG a facer a pertinente denuncia, inclusive xudicialmente se fose preciso.

Portas que abre o acordo...

Ademais dos puntos que claramente garante, este acordo abre a posibilidade de acadar reivindicacións históricas para o profesorado do corpo de mestres:

- 1.- A recollida no punto sexto no que se garante que, antes de rematar este curso, se negociará a redución de xornada para o corpo de mestres, dende o STEG faremos todo o posible para que, froito desta negociación, se vexa cumprida unha reivindicación histórica para o Corpo de mestres como é a de diferenciar a xornada escolar da xornada laboral e a equiparación do horario do profesorado de primaria co de secundaria.
- 2.- O aumento dos catálogos que, evidentemente, mellorará tanto a calidade do ensino como as condicións de traballo do profesorado. Esperamos que aquí teña cabida un plan específico para o rural.

Este acordo pode supoñer o final da “ditadura do transporte escolar”. Se en xuño e setembro funciona en xornada continuada, non hai motivos para que non o faga todo o ano.

- 3.- Por último, este acordo, podería supoñer a xeneralización da xornada continuada dado que contempla a apertura de negociacións para flexibilización dos requisitos para os centros que a soliciten. Ademais o feito de que o transporte funcione con este horario nos meses de setembro e xuño pode ser unha razón de peso para demandar que o siga facendo todo o curso se a comunidade educativa o acorda. Ademais, ábrese a posibilidade de rematar (ou minimizar) o feito que vimos padecendo ata agora de que o transporte escolar condicione o horario dos centros.

Ábrense as portas para a xeneralización da xornada continuada.

Sindicalismo responsábel

A historia recente do STEG demostra con numerosos feitos o compromiso e a responsabilidade adquirida co profesorado galego e coa defensa do ensino público. Co profesorado galego pensamos que o noso traballo e a información de interese debía estar á disposición de todas e todos polo que a nosa WEB tiña que ser de calidade e pensada para este obxectivo exclusivamente, ademais posibilitamos un servizo de infosteg mediante o cal reciben información periódica milleiros de profesoras e profesores do noso País, abrimos un Foro como canle de comunicación entre o profesorado...

Por outra banda non deixamos de esforzarnos nas nosas mobilizacións e campañas sempre desde a coherencia e responsabilidade fuxindo de calquera corporativismo ou posturas demagóxicas na defensa da Escola Pública Galega : campaña anti-LOE, oposición ao proxecto de Estatuto Docente, defensa do laicismo, solicitude da revisión dos concertos educativos, campaña e denuncia á situación do transporte escolar...

A partires da últimas eleccións sindicais do 2006 o profesorado galego demanda do STEG que se implique na mellora do noso ensino e así o intentamos facer coa cuestión do calendario escolar.

¿CAL É A RESPONSABILIDADE DO STEG ?

1. O primeiro é denunciar a proposta da administración e demandar a súa retirada.
2. A continuación convocar toda mobilización posible intentando a unidade de acción como mellor medio para conseguir o fin proposto e evitando caer e mesmo evitar a confrontación sindical que pouco lle interesaba ao profesorado galego e que ía en contra dos seus intereses.
3. Con respecto ao anterior, cabe salienta a disposición do STEG ao acudir a toda reunión a pesares de ter sido afastado conscientemente por TODOS os sindicatos da sinatura dun escrito contra a imposición da xornada e de non ter sido invitado a mobilizacións (que desde o STEG se animou a apoiar individualmente) convocadas anteriormente a estas reunións.
4. A responsabilidade do STEG ante o profesorado debe ser negociar (para iso nos votaron) para mellorar o Ensino Público Galego tendo en conta a nosa coherencia sindical e as demandas do profesorado.

5. Ben certo é que despois de negociar e presionar para mellorar calquera proposta podemos decidir asinar ou non.
6. O que temos claro é que o responsábel e o que nos esixe o profesorado é estar ate o final e non inhibirse procurando só a rendibilidade para a organización.
7. Para o STEG, como organización, o máis sinxelo sería pedir máximos (mesmo máis alá do que se demandaba na convocatoria de folga) e terse levantado das negociacións ás que acudiron TODAS as OOSS.
8. O STEG non deixará de recoñecer un posible erro que cometamos. Somos conscientes de que as formas da Administración foron absolutamente rexeitábeis e que o noso erro foi non termos negado a negociar con esa escaseza de tempo. Máis este é imputábel a TODAS as organizacións sindicais e non só ao STEG.
9. Con respecto ao Acordo podemos recoñecer que, como todo Acordo, pode ser mellorábel máis non podemos esquecer que, sen entrar xa nas outras melloras, o obxectivo principal da RESTAURACIÓN DA XORNADA MATINAL foi conseguido e foi grazas Á PRESIÓN DE TODO O PROFESORADO GALEGO DE INFANTIL E PRIMARIA E NON A ESTA OU AQUELA FORZA SINDICAL. Ademais somos conscientes de que a súa valoración só se poderá facer cando se desenvolva completamente.
10. Nesta nova etapa na que estamos o STEG seguirá

No STEG, como calquera outra organización, podemos equivocarnos á hora de tomar decisións, pero o que non fixemos nin faremos nunca é enganar ao profesorado.

a traballar coa mesma ilusión pensando no profesorado galego e non en cuantificar a rendibilidade dunha ou outra acción, sempre obremos coa conciencia de facer o mellor para o Ensino Público Galego tendo en conta que só rendemos contas ao profesorado deste País e non a outros intereses.

Novo horario ESO

Segundo o borrador definitivo do currículo da ESO publicado pola Consellaría de Educcación

MATERIAS	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e xeoloxía			2	3*
Ciencias da natureza	4	3		
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3
Educación física	2	2	2	2
Educación para a cidadanía e dereitos humanos		2		
Educación ético-cívica				1
Educación plástica e visual	2		2	3*
Física e Química			2	3*
Informática				3*
Latín				3*
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3
Lingua estranxeira: primeira	3	3	3	3
Segunda lingua estranxeira	2	2	2*	3*
Matemáticas	4	4	4	3
Música		2	2	3*
Tecnoloxía				3*
Tecnoloxías		3	2	
Optativa			2*	3*
Proxecto interdisciplinar	1			
Relixión	2	1	1	1
Titoría	1	1	1	1

Materias optativas

3º curso:

- Cultura Clásica
- Taller de iniciativas emprendedoras
- Optativa ofertada polo centro

4º Curso:

- Cultura Clásica (se non foi cursada en 3º)
- Taller de iniciativas emprendedoras (se non foi cursada en 3º)
- Calquera das oito materias do apartado dous non elixida con anterioridade
- Optativa ofertada polo centro

Especialidades que impartiran as seguintes materias

CIENCIAS DA NATUREZA

Os cursos de 1º e 2º, mestres da especialidade de C. da natureza, Bioloxía e x. , Física e q.

EDUCACIÓN ÉTICO-CÍVICA

Filosofía, Xeografía e historia

EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA

Filosofía, Xeografía e historia

TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS

Administración de empresas, Economía, Organización e X. Comercial, Xeografía e Historia

HISTORIA E CULTURA DAS RELIXIÓNS

Filosofía, Xeografía e Historia

INFORMÁTICA

Tecnoloxía, Informática, Matemáticas, Física e química

Oposicións de ensino

Chega o mes de xuño é unha vez máis nos atopamos inmersos nun novo proceso selectivo de ingreso nos corpos docentes.

Como todos os anos, centos de persoas ven esforzarse o seu esforzo e as súas ilusións contra un sistema de selección de persoal supostamente obxectivo e que respecta os principios de igualdade, mérito e capacidade das persoas aspirantes. Pero a realidade é que ata o de agora, non foi ningunha destas cousas e sobre todo grazas a que os tribunais (xa sexa por vontade propia ou propulsados por unha forza descoñecida) estaban empeñados en elixir ás persoas que debían obter unha praza de funcionaria de carreira, cando o seu único- e non pouco importante- cometido era o de valorar os coñecementos das persoas aspirantes na fase de oposición.

Esta historia repetida ano tras ano, converteuse en esperpéntica na pasada convocatoria grazas a introdución de dúas novidades por parte da Consellaría. Podemos concederlles o beneficio da dúbida, de que o fixeron precisamente para evitar isto que agora denunciámos, se así foi, pecaron de inxenuidade e non mediron o alcance que o poder da inercia de anos e anos falseando o chamado concurso-oposición pode ter.

A primeira delas foi non repartir as prazas entre os tribunais en función dos presentados ao primeiro exame, senón ter unha comisión única para toda Galicia á que chegarían as notas de todos os tribunais. Mirado por profanos pode que pareza que así se evita o cálculo de aprobados por praza en cada tribunal, nada máis lonxe da realidade, esa comisión única impediu xa de por si que ningún tribunal aprobase na fase de oposición a máis opositores que prazas: a comisión de presidentes repartiu salomonicamente as prazas, en caso contrario corriase o risco de que un tribunal xeneroso coas súas notas as levase todas. Exemplo de resolución cooperativa dun conflito. Pode que non tivesen moita intención de facer outra cousa, pero efectivamente non lles deixaban moitas opcións.

A segunda xa só serviu para rematar o desaxusado e foi a idea de ter que sacar as notas diariamente, algo que podía parecer positivo para evitar componendas de última hora pero que xunto coa medida anterior resultou nefasta. Xa non había só que poñerse de acordo nas prazas que cada tribunal tiña, senón tamén en cantos había que aprobar cada xornada, independentemente de que ¡cousas do destino! os mellores exames fosen todos o mesmo día.

Ante todo este cúmulo de despropósitos acaciados o ano pasado, desde o STEG esiximos da Consellaría que, tal e como nos prometeu de cara á presente convocatoria, garanta que as presidentas e presidentes elixidos por ela cumbran escrupulosamente a convocatoria, lembrándolles que se trata dun concurso-oposición onde o que teñen que facer é simplemente cualificar unhas probas esquecéndose da parte de concurso que se debe resolver noutra instancia.

Conclusións da xornada "Xenero e Educación para a cidadanía"

Na Xornada "Educación para a Cidadanía e Xénero", organizada polo STEG o 12 de maio en Compostela, detectamos os seguintes problemas á hora de desenvolver esta materia:

- O profesorado non ten formación en perspectiva de xénero, polo que esta será imprescindible para quen a imparta e para quen elabore o material curricular.
- Faltan tempo e materiais para poñela en práctica no vindeiro curso.
- Os obxectivos e contidos da materia deben ser transversais, polo que nas outras materias tense que ter esta materia como referente.

Consideramos imprescindible:

- A Consellaría e o SGI deben corrixir os materiais

curriculares e xestionar a formación do profesorado.

- Ofertar un curso obrigatorio de formación básica na perspectiva de xénero e xornadas que propicien a intercomunicación e a posta en común das experiencias docentes.
- Obrigatoriedade da Formación de Xénero no curso de Especialización Didáctica.
- Supervisión dos PEC e PCC para detectar a participación do alumnado nos centros e analizar as porcentaxes das marcas de xénero.
- Crear axentes de igualdade.
- Que non sexa impartida por profesorado provisional nin para cubrir horarios.
- Creación dunha Coordinadora de profesorado que traballe nesta materia.

Comisións de servizo por motivos de saúde

Ven de publicarse unha nova Orde que regula temporalmente as comisións de servizos por motivos persoais especiais de saúde e que modifica a Orde de 19 de maio de 2004.

Esta claro que concesión destas comisións necesitaba unha regulamentación o mais clara e obxectiva posible, de todos os xeitos esta nova orde lonxe de mellorar a xa publicada no 2004 empeora nos seguintes aspectos:

· Por si foran poucas as causas polas que se podía solicitar dita comisión agora ampliase "...por razóns de enfermidade grave dun familiar en segundo grao de consanguinidade ou afinidade".

· Limitase a súa duración. "A comisión de servizos terá a duración dun curso académico e, non poderá concederse pola mesma circunstancia máis doutros

dous cursos". Entón, aquelas/es solicitantes onde as súas circunstancias sexan permanentes ou crónicas, como van facer ao remate deste prazo. Ou se concede coas prórrogas necesarias ou non se concede.

· "O profesorado deberá ter solicitado no concurso de traslados, cando reúna os requisitos de participación, polo menos, todas as prazas para as que estea habilitado a unha distancia de 20 km da localidade a que solicita en primeiro lugar a comisión de servizos". Como norma xeral unha destas comisións de servizos debe ou pode ser para solucionar un problema de saúde puntual, polo que de concederse non pode estar condicionada á participación ou non no concurso xeral de traslados (e moito menos por todas as habilitacións e a un radio de 20 Km) xa que un concurso de traslados lévanos a un destino definitivo, e a situación que motivou a comisión de servizos pode solucionarse nun ano ou dous.

· Adiantase o prazo para presentar as solicitudes. "O Prazo de presentación de solicitudes será do 15 ao 30 de abril de cada ano...". Pensamos que é moi pronto, que debería manterse o prazo da Orden anterior, do 16 ao 31 de maio, deste xeito xa teríamos a resolución definitiva do concurso de traslados.

· "Os casos que puidesen xurdir por causa sobrevida fóra do prazo de solicitudes establecido nesta orde e con anterioridade ao inicio do curso académico, tramítaranse directamente á secretaría xeral, que requirirá das delegacións provinciais os informes e documentos pertinentes, por vía de urxencia, resolvendo o que preceda...". Esto de que non pasen por unha comisión e que sexa unicamente a secretaría xeral quen decida a súa concesión dá pé a todo tipo de interpretacións.